



RAIZAME SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA

Un camiño cara as nosas raíces

Índice

Introdución	2
Delimitación das hipóteses de partida e dos obxectivos.	2
Delimitación de obxectivos a cubrir coa enquisa	1
Explicación da estrutura do cuestionario.....	1
Selección e identificación da mostra.	2
Plan de realización da enquisa.....	2
Informe sobre o traballo de campo realizado.....	3
-Fase 1:.....	4
-Fase 2:.....	6
Enquisa e análise dos resultados da enquisa.	8
Preguntas xerais	8
Aniversarios	9
Andainas	15
Externalizacións	19
Concienciación	24
Conclusións e decisións das actividades:	27
Aniversarios	27
Andainas	28
Externalizacións	28
Concienciación	29
BIBLIOGRAFÍA:	29

Introdución

O noso proxecto baséase na realización de catro actividades destacadas que son: aniversarios, andainas, externalizacións e concienciación. Todas elas, son levadas a cabo para lograr unha serie de obxectivos establecidos previamente. Por iso, imos a seguir unhas pautas para o seu posterior logro.

En primeiro lugar, imos a establecer unhas hipótesis que nos conducirán a ditos obxectivos. A través de iso, fixarémolos e comenzaremos coa investigación.

A continuación, delimitaremos os obxectivos para levar a cabo a enquisa; con iso, obter resultados positivos. Sen olvidarnos de preparar unha explicación acerca da estrutura e contido de dito cuestionario.

Posteriormente, identificaremos, buscaremos e seleccionaremos as mostras que mellor se axustan para lograr as nosas metas. Teremos un plan de enquisas á hora de levarlo á práctica; polo que, acompañarálle un informe que recolla o traballo de campo.

Unha vez realizadas as enquisas, así como a obtención de resultados, comentaremos cada unha das respostas recollidas nos cuestionarios. Éstas darannos paso a decidir e concluir cales serán os nosos obxectivos definitivos.

Delimitación das hipóteses de partida e dos obxectivos.

Aniversarios

Hipóteses:

- Máis da metade dos enquisados ten un ou dous fillos.
- Os pais prefiren celebrar aniversarios na casa.
- Non se celebran aniversarios nun local preparado para iso porque é moi caro.
- Os enquisados consideran os aniversarios nun local preparado ruidosos, custosos e cómodos.
- Os nenos traerán unha cantidade intermedia de amigos.
- Aos nenos gústalles a torta de chocolate e os pais darlles unha alimentación sá pero con algúns doces.
- Os xogos favoritos dos cativos son o fútbol, o pilla-pilla e o escondite.

Obxectivos:

- Saber a porcentaxe de xente que ten rapaces en Santiago, no caso positivo cantos e a idade destes.
- Coñecer a localización favorita dos pais para celebrar o aniversario dos seus rapaces.

- Identificar se o problema de non celebrar aniversarios nun local preparado para iso, é un problema económico.
- Saber como considera o enquisado un aniversario nun local preparado.
- Coñecer a cantidade aproximada de nenos que poderían asistir aos aniversarios que organizamos.
- Identificar as tortas que máis gusten aos nenos e o tipo de alimentación a seguir nos aniversarios.
- Saber os xogos favoritos dos cativos.

Andainas

Hipóteses:

- Realizaranse 10 andainas anuais elixidas polo público obxectivo.
- As andainas estarán dirixidas a xóvenes entre 20 e 40 anos.
- Os xóvenes prefiren a empanada de carne que a da atún porque é máis barata.
- Os xóvenes prefiren o autobús Monbus que o Castrosúa polo prezo e a comodidade.

Obxectivos:

- Averiguar cantas andainas se levarán a cabo anualmente.
- Saber a cantas persoas guiaremos durante o percorrido.
- Averiguar a razón de preferencia da comida por parte dos xóvenes.
- Saber a razón de preferencia dun bus con respecto a outro por parte dos xóvenes.

Externalizacións

Hipotesis:

Temos pensado facer anualmente un serie de externalizacións:

- | | |
|-----------------|----------------|
| • Paintball | • Equitación |
| • Puenting | • Paracaidismo |
| • Escalada | • Tirolina |
| • Rafting | • Piragüismo |
| • Tiro con arco | |

Os nosos clientes están dispostos a desprazarse ata os lugares nos que se realizan as actividades que ofrecemos:

Actividade	Localización
Paintball	Santiago de Compostela
Puenting	Noia
Escalada	Santiago de Compostela
Rafting	Padrón (Río Ulla)
Tiro con arco	Padrón
Equitación	Santiago de Compostela
Paracaidismo	A Coruña
Tirolina	Santiago de Compostela
Piragüismo	Padrón

O paintball é a actividade máis solicitada xa que abarca un amplo grupo de idades.

Obxectivos:

- Saber canta xente estará disposta a facer as actividades mencionadas anteriormente.
- Averiguar se os nosos clientes potenciais están dispostos a desprazarse aos lugares nos que se realizan as actividades.
- Saber cales son as actividades máis atractivas, se coinciden coas que temos pensado e se hai que ampliar o número de externalizacións.

Concienciación

Hipóteses:

- Os nenos non están concienciados co medio ambiente.
- A concienciación dos nenos sobre o medio ambiente axuda a aprendizaxe destes na escola con materias como Ciencias da Natureza ou Bioloxía.
- Non se organizaron actividades de concienciación na zona.

Obxectivos:

- Averiguar se os nenos están concienciados co medio ambiente
- Saber se estas actividades axudan aos nenos en materias como Ciencias da Natureza ou Bioloxía.
- Averiguar se se organizaron actividades de concienciación na zona

Delimitación de obxectivos a cubrir coa enquisa

Dispoñemos de diferentes obxectivos para cada cuestionario, por iso dividimos os obxectivos en:

Aniversarios:

- Saber se o entrevistado ten fillos, así como o número e a idade deles.
- Saber onde lle gustaría celebrar os aniversarios do seu fillo e porque.
- Saber as preferencias alimenticias do rapaz con respecto aos aniversarios.
- Saber as actividades que lle gusta ao rapaz.

Senderismo:

- Coñecer experiencias anteriores de senderismo.
- Averiguar se o entrevistado considera levar comida propia, importante ou non.
- Saber o que está disposto o entrevistado a pagar e camiñar.

Externalizacións:

- Coñecer experiencias anteriores.
- Saber se está disposto a facer algunhas das actividades que ofertamos.
- Coñecer canto está disposto a desprazarse e como.
- Saber que opina sobre as actividades citadas no cuestionario.

Concienciación:

- Saber a opinión do entrevistado acerca da concienciación dos nenos co medio ambiente.
- Coñecer datos sobre as actividades de concienciación e se son suficientes ou se necesitan máis.

Explicación da estrutura do cuestionario.

Como a nosa cooperativa ofrece varios servizos, decidimos facer catro cuestionarios referentes ás actividades ofertantes para así organizar a información e ter unha visión máis específica de cada unha.

Cada cuestionario irá dirixido a un público obxectivo diferente, por este motivo o entrevistador segundo as características que observe no entrevistado decidirá cal dos diferentes cuestionarios realizará.

Ao comezo haberá catro preguntas que terán todas as enquisas por igual e no caso de que se fagan dous ou máis cuestionarios ca mesma persoa, só se farán unha vez.

O primeiro test será o de *Aniversarios*, que nos aportará datos sobre os gustos do fillo ou fillos do entrevistados entre outras cousas.

O cuestionario de *Senderismo* daranos respostas sobre as experiencias da xente con esta actividade, canto estaría disposto a pagar por esta... e poder modificar algo deste servizo se vemos que non sería efectivo como pensábamos.

A terceiro enquisa que corresponde a *Externalizacións*, e servirános para saber se nos resultará factible facer acordos con empresas que presten actividades que nós non podemos ofertar segundo as contestacións dos entrevistados: se están interesados en algunhas desas actividades, cantos km estarían dispostos a desprazarse...

Por último (facendo referencia á orde de colocación), o cuestionario sobre *Actividades de Concienciación*, que irán dirixidas tanto a directores de colexios como a presidentes de asociacións culturais (entre outros), axudarannos a saber o grado de concienciación en certas zonas, se están interesados en contratar estes servizos e as razóns.

Selección e identificación da mostra.

Escollemos unha mostra de 30 persoas, das cales seleccionamos 22 de forma aleatoria e as restantes, ao ser dirixidos a un sector específico, foron escollidos de antemán.

Plan de realización da enquisa.

A enquisa realizarase en dúas fases: a primeira, o mércores 1 de abril ás 17:30 na Praza de Galicia (Santiago de Compostela), onde nos xuntaremos para repartir as zonas nas cales faremos as enquisas de forma individual, e nos volveremos a xuntar ao rematar para facer o informe; e a segunda, que consistirá en dúas enquisas, a xente

escollida polo seu posto de traballo, xa que son enquisas específicas para iso. A segunda fase realizouse de forma individual, cada un de nos fixo o seu propio plan:

Belén Cancela:

O día 1 de abril, ás 10:00, realizarase unha enquisa á presidenta da Asociación “A Ponderosa”, e ás 12:00 do mesmo día, entrevistarse ao director do C.P.I. de Bemibre no mesmo centro.

Martín García:

O día 26 de marzo ás 12:30, realizarase unha enquisa ao director do centro I.E.S. Campo de San Alberto, e o día 27 de marzo ás 17:30 realizarase outra ao presidente da Asociación de Veciños do río de Eiroa.

Noelia García:

O día 31 de marzo, ás 12:00 realizarase unha enquisa o director do centro I.E.S Xulián Magariños, e o día 1 de abril ás 12:00 entrevistarse a directora do C.P.I San Vicente de A Baña.

Iria Seoane:

As enquisas realizaranse a semana anterior á Semana Santa, nos días 23 e 24 de marzo, no Instituto I.E.S. Antón Fraguas e no Centro Socio Cultural de San Marcos. Os enquisados serán o director de dito instituto e o presidente da Asociación de Veciños de San Marcos. As horas establecidas son, no instituto, entre as 10:00 e as 11:00 horas da mañá, e no Centro Socio Cultural, entre as 17:00 e 18:00 horas da tarde. Ambas as dúas, levaráanse a cabo en Santiago de Compostela.

Informe sobre o traballo de campo realizado.

A día 1 de abril, ás 19:30, dúas horas despois de que nos separáramos, xuntámonos no parque da Alameda para poñer en conxunto as experiencias acontecidas. A continuación, cada un de nos explicará como aconteceu a realización das súas enquisas

-Fase 1:

Belén Cancela:

O mércores 1 de abril, fixéronse 6 enquisas a unha mostra elixida ao azar entre a xente que pasaba por as rúas de Vista Alegre (Santiago de Compostela).

A maioría das persoas eran mozos de 18 a 30 anos que responderon de forma clara e sen problema, excepto unha, pertencente ao último rango de idade , alegando moita presa.

Podemos destacar o interese de gran parte das persoas nas externalizacións (paintball, tirolina...), aportando novas ideas e interesándose moito pola cooperativa.

Tamén observamos que os enquisados estarían dispostos a moverse a lugares máis afastado para facer andainas, incluso saír de Galicia.

Martín García:

O día 1 de abril, realizáronse 6 enquisas a unha mostra elixida ao azar entre a xente que pasaba pola Praza de Galicia:

Foi difícil encontrar xente que quixera responder ás enquisas, dos enquisados, un deles tivo moi boa acollida e incluso dixo que era moi necesaria una empresa de este estilo, dúas persoas tiñan moita presa e por iso contestaron moi rápido, e tres contestaron sen problemas e de boas maneiras.

Os intervalos de idade entre os enquisados foi moi diversa, dando lugar a unha variedade ampla de respostas entre o conxunto de enquisas realizadas.

No apartado de concienciación , os enquisados coincidían en que a xuventude está pouco concienciada e que era necesario un mellor aprendizaxe mediante unha enseñanza non reglada, para romper a monotonía dos nenos, xa que a escola é un dos lugares onde máis tempo pasan.

Noelia García:

O día 1 de abril, realizáronse 5 enquisas a unha mostra: unha parte ao azar na “Plaza Roja” e outras en parques infantís (Plaza de Vigo, Vite...). As persoas seleccionadas no parque infantil foron máis agradables e responderon as enquisas sen presas, coa

participación dos seus fillos na enquisa . Por outro lado, as elixidas na rúa presentaban máis problema como que tiñan o coche mal aparcado ou porque chegaban tarde o traballo.

Todas as persoas enquisadas remataron o cuestionario, ninguén o deixou pola metade e de feito os que estiveron dispostos a participar foron moi agradables e atentos dicíndonos que sería unha empresa innovadora e que non coñecían ningunha cerca a Santiago de Compostela.

Tanto en parques infantís como as persoas que atopamos pola rúa mostraron principal interese pola parte de aniversarios. A xente máis nova mostraron máis interese por externalizacións e senderismo aínda que a xente que nos diriximos foi de diversos intervalos.

Iria Seoane:

As enquisas foron realizadas o día 1 de abril, no parque infantil de Fontiñas e na porta do centro comercial Área Central.

A hora na que se realizou dito acontecemento foi a tarde do día mencionado enriba, entre as 17:30 horas. Os enquisados foron mozos entre 18 e 30 anos e adultos entre 31 e 40 anos (estes últimos con fillos).

De modo xenérico, a realización das enquisas foi amena, os enquisados críticos, non mostraron ningún tipo de desinterese e responderon con total sinceridade.

Indicar que, nalgunhas preguntas en aniversarios, os propios nenos respondían.

Por exemplo, en preguntas tipo: de que sabor lle gusta ao seu fillo as tortas de aniversario?

Os restantes, tiñan gustos e preferencias moi diversas. Por exemplo, algúns preferían a celebración na casa e outros non; a alimentación dos fillos nun aniversario; se prefire estar rodeado de poucos ou moitos nenos.

En senderismo e externalizacións, a maioría dos enquisados foron persoas deportistas que xa realizaran andainas e ditas actividades mencionadas en externalizacións.

Os restantes, participaron aportando ideas tras as súas experiencias pasadas ao realizar algún tipo de percorrido ou actividade en grupos. Por exemplo, en senderismo, andaina de grupos pequenos ou amplos; se pagarían desprazamento ou non; se pagarían a comida ou a traerían da casa.

-Fase 2:

Belén Cancela:

O día 1 de abril ás 10:00 realizouse unha enquisa a presidenta da asociación “A Ponderosa” de Anxeriz. A xa nombrada respondeu todas as cuestións de forma clara.

O mesmo día ás 12:30 concertouse unha cita co director de Bembibre que contestou de forma afable a todas as preguntas.

Martín García:

O día 26 de marzo ás 12:30 realizouse unha enquisa ao director do centro I.E.S. Campo de San Alberto, no instituto xa mencionado. Tiven unha boa acollida e contestou a todas as preguntas con celeridade

O día 27 de marzo ás 17:30 realizouse unha enquisa ao presidente da Asociación de Veciños do río de Eiroa, na súa casa. Recibíame de moi boas maneiras e tiven unha boa acollida pero custoulle entender un par de preguntas.

Noelia García:

O día 31 de marzo as 12:00 realizouse unha enquisa o director do centro I.E.S. Xulián Magariños, que respondeu a todas as preguntas con claridade e sen apuro.

O día 1 de abril ás 12:00 realizouse a enquisa a directora do C.P.I San Vicente de A Baña, que respondeu mostrando interese.

Iria Seoane:

O día no que se realizaron as enquisas foi o 31 de marzo, as 12:00 da mañá. Unha realizouse no I.E.S. Antón Fraguas ao director, e a outra, no Centro Socio Cultural de San Marcos ao presidente da Asociación de Veciños.

Os enquisados tiñan ideas diferentes sobre o tema, debido a diversos motivos. Entre eles, ou non se realizaran esas actividades en dito lugar, sen embargo coñecían as ac-


tividades e estaban interesados en levalas a práctica, ou simplemente non estaban concienciados do tema. Ambas as dúas persoas responderon con interese.

Enquisa e análise dos resultados da enquisa.

Preguntas xerais

Idade:


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
18-30	17	56,66%
31-40	6	20%
41-50	5	16%
51-60	1	3,33%
61 en diante	1	3,33%



Nesta primeira gráfica podemos observar que a maioría dos enquisados atopase no intervalo de 18 a 30 anos.

Sexo:

Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Home	12	41%
Muller	17	59%




Os maioría dos enquisados foron mulleres.

Aniversarios

Ten fillos?


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Si	12	41%
Non	17	59%



Un 59% dos nosos enquisados teñen fillos

(en caso positivo) Cantos?


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
1	3	25%
2	7	58%
3 ou máis:	2	17%
NS/NC:	0	0%



Os enquisados maiormente teñen dous fillos.

Que idade ten o seu fillo?


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
0 – 5	6	50%
6 – 12	3	25%
12 ou máis.	3	25%
NS/NC	0	0%



Os fillos dos nosos enquisados atópanse no intervalo de idade entre 0 e 5 anos.

Onde prefire celebrar o aniversario do seu fillo?


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Na casa	7	58%
Nun parque.	1	8%
Nun local preparado para os aniversarios.	4	33%
Non fago festa	0	0%
Outro	0	0%
NS/NC	0	0%



A maioría dos pais enquisados prefiren celebrar o aniversario do seu fillo na casa.

Di se está de acordo ou desacordo con esta frase: “Non celebro aniversarios nun local preparado para iso porque é moi caro”.

Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Moi en desacordo.	2	17%
Desacordo.	4	33%
Nin de acordo nin desacordo.	1	8%
De acordo.	4	33%
Moi de acordo.	1	8%
NS/NC	0	0%




Ante esta frase produciuse o mesmo número de respostas en “Desacordo” e “De acordo”.

Como considera un aniversario nun local preparado?


Pregunta	Respostas	Porcentaxe	Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Custoso	8	67%	Barato	4	33%
Cómodo	9	69%	Laborioso	3	31%
Ruidoso	5	42%	Tranquilo	7	58%
NS/NC	0	0%			

Os adxectivos que máis empregaron para describir os aniversarios celebrados nun local preparado foron “custoso”, “cómodo” e “ruidoso”.



O seu fillo prefire xogar:


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Só.	2	17%
Acompañado de poucos nenos.	3	25%
Cantos máis mellor.	7	58%
NS/NC	0	0%



A maioría dos rapaces prefiren celebrar o seu aniversario acompañado de moitos nenos.

De que sabor prefire o seu fillo as tartas?


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Chocolate	8	67%
Nata	0	0%
Fresa	0	0%
Tiramisú	3	25%
Outros	1	8%
NS/NC	0	0%



A torta máis popular entre os infantés é a de chocolate.

Como prefire que sexa a alimentación no aniversario do seu fillo?


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Saudable	3	27%
Con poucos doces	1	9%
Equilibrado entre doce e saudable	7	64%
Con máis doces que comida saudable	0	0%
Só doces	0	0%



Os pais prefiren que nos aniversarios dos seus fillos haxa un equilibrio entre comida doce e saudable

Cales destas actividades lles gusta realizar aos seus fillos nos aniversarios?

Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Fútbol	6	18%
Baloncesto	5	15%
Hockey	1	3%
Frisby	0	0%
Escondite	2	6%
Pilla pilla	0	0%
Mímica	0	0%
Pictionary	0	0%
Tenis	1	3%
Bádminton	0	0%
Inchables	8	24%
Globoflexia	5	15%
Pintar caras	6	18%
Outros	0	0%
NS/NC	0	0%




As actividades máis populares entre os nenos son: os inchables, fútbol e pintarse caras.

Andainas

Algunha vez fixeches andainas?


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Sí	23	79%
No	6	21%
NS/NC	0	0%



A maioría dos enquisados realizaron andainas algunha vez na súa vida.

Cantas andainas realizaches? (Se a contestación foi "si")


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
0-3	13	54%
4-7	3	13%
Máis de 7	8	33%
NS/NC	0	0%



Gran parte das persoas realizaron entre 0 e 3 andainas.

Ata onde está disposto a percorrer para realizar andainas?


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Non sair de Santiago de Compostela	4	14%
A 5 km de Santiago	1	4%
A 30 km de Santiago	0	0%
A 60 km de Santiago	0	0%
Na provincia da Coruña	4	14%
En Galicia	10	36%
Indiferente	8	29%
NS/NC	1	4%



A maioría dos enquisado están dispostos a desprazarse por Galicia.

Como lle gustaría facer andainas


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Só	5	18%
Acompañado	22	79%
Indiferente	1	4%
Non sabe/ non contesta	0	0%



A opción máis elexida polos enquisados é realizar as andainas acompañados.

Grupo amplo ou pequeno?


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
0-5	10	36%
6-11	12	43%
12-17	0	0%
+ de 17	1	4%
Indiferente	5	18%
NS/NC	0	0%



Maioritariamente prefiren un grupo amplo entre 6 e 11 persoas.

Cantos km estarías disposto a andar?


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
0-15	8	30%
16-30	9	33%
31-45	4	15%
Máis de 45	3	11%
NS/NC	3	11%



Gran parte da xente está dispostos a andar é entre 16 e 30 km.

A partir de cantos km consideraría importante levar comida


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
0-15	7	24%
16-30	11	38%
31-45	4	14%
46 ou máis	1	3%
Indiferente	5	17%
NS/NC	1	3%



Gran parte da xente está dispostos a andar é entre 16 e 30 km.

Considerando que nunha camiñata se lle ofrecería auga e comida, canto estarías disposto a pagar polo servizo?

Pregunta	Respostas	Porcentaxe
0-10	11	39%
11-20	12	43%
21-30	2	7%
Máis de 30	1	4%
NS/NC	2	7%




Os enquisados estarían dispostos a pagar entre 11 e 20 euros polos servizos que ofrecemos

Externalizacións

Fixo algunha vez:


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Paintball	10	13%
Escalada	6	8%
Rafting	7	9%
Puenting	2	3%
Tirolina	11	15%
Piragüismo	10	13%
Tiro con arco	8	11%
Equitación	10	13%
Paracaidismo	3	4%
Outros	3	4%
NS/NC	5	7%



As actividades máis realizadas polos nosos enquisados foron: paintball, tirolina, piragüismo e tiro con arco.

As actividades anteriormente citadas son perigosas:


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Moi en desacordo.	6	20%
Desacordo.	10	33%
Nin de acordo nin desacordo.	6	20%
De acordo.	3	10%
Moi de acordo.	0	0%
NS/NC.	5	17%



Gran parte dos enquisados están en desacordo en que as actividades citadas anteriormente son perigosas.

En que actividades estaría interesado/a:


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Paintball	17	16%
Escalada	9	9%
Rafting	11	11%
Puenting	8	8%
Tirolina	11	11%
Piragüismo	10	10%
Tiro con arco	6	6%
Equitación	16	15%
Paracaidismo	15	14%
Outros	0	0%
NS/NC	1	1%



Entre as diferentes actividades, houbo unha maior preferencia por: Paintball, Equitación, Paracaidismo, Tirolina e Rafting.

Gustaríalle contrataar unha empresa que lle faga o desprazamento?


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Si	18	62%
Non	11	38%



Unha maior preferencia á hora de deprezarse é contratar unha empresa adicada ao transporte, require unha maior comodidade para ditos grupos e pode salir máis rentable económicamente.

Ata onde está disposto a percorrer para realizar estas actividades?


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Non saír de Santiago.	0	0%
A 5km de Santiago.	0	0%
A 30km de Santiago.	1	3%
A 60km de Santiago.	3	10%
Na provincia de A Coruña.	3	10%
En Galicia	12	40%
Indiferente	10	33%
NS/NC.	1	3%



Os enquisados prefiren a realización destas actividades dentro de Galiza, por unha maior afectividade as zonas e por unha maior accesibilidade. Tamén inflúe o tempo e a temperatura.

A mellor forma de liberar enerxía e formar un bo grupo de amigos é pasar tempo en actividades de equipo:

Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Moi en desacordo.	0	0%
Desacordo.	0	0%
Nin de acordo nin desacordo.	1	3%
De acordo.	13	43%
Moi de acordo.	15	50%
NS/NC	1	3%




Pódese disfrutar máis deste tipo de actividades facéndoas en grupo, porque che permite socializarte e coñecer xente nova, así como pasar un bo rato en equipo.

Concienciación

Como considera a concienciación dos nenos co medio natural?


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Excelente	1	13%
Bo	3	38%
Normal	1	13%
Malo	2	25%
Pésimo	1	13%
NS/NC	0	0%



É un factor a favor dos nenos xa que a parte de porse en contacto ca natureza, teñen a posibilidade de coñecer así como aprender a respetar a beleza do medio natural.

Organizouse algunha actividade de concienciación na zona?


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Si	1	13%
Non	7	88%
NS/NC	0	0%



Non se realizou ningunha actividade na zona segundo se pode observar no gráfico. Eso non implica o interese de querer realizalas.

A concienciación dos nenos sobre o medio ambiente axuda a aprendizaxe destes na escola con materias como Ciencias da Natureza ou Bioloxía


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Moi de acordo	1	13%
De acordo	7	88%
Nin acordo nin desacordo	0	0%
En desacordo	0	0%
Moi en desacordo	0	0%



Xa que Bioloxía e Ciencias da Natureza son temas relacionados co medio ambiente, a concienciación favorece a aprendizaxe nas escolas.

Contrataría algunha empresa que ofrezca actividades de concienciación?


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Si o faría	4	50%
Quizáis o faría	2	25%
Non sei se o faría	1	13%
É posibel que non o fixese	1	13%
Non o faría	0	0%
NS/NC	0	0%



Para unha maior comodidade e facilidade á hora de realizar este tipo de actividades, si contratarían unha empresa que as puxera a súa disposición.

Os rapaces non están concienciados co medio ambiente porque non teñen as ferramentas necesarias


Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Moi de acordo	0	0%
De acordo	4	50%
Nin acordo nin desacordo	0	0%
En desacordo	4	50%
Moi en desacordo	0	0%
NS/NC	0	0%



Debería de haber máis medios ao alcance dos nenos para que éstos poidan entrar en contacto co medio ambiente.

É impresindible que os nenos estean concienciados sobre o medio ambiente

Pregunta	Respostas	Porcentaxe
Moi de acordo	2	25%
De acordo	4	50%
Nin acordo nin desacordo	2	25%
En desacordo	0	0%
Moi en desacordo	0	0%
NS/NC	0	0%



Si están de acordo con que os nenos estean concienciados co medio ambiente a maioría dos enquisados.

Conclusións e decisións das actividades:

Aniversarios

Conclusión

- Aínda que máis da metade dos enquisados non teñen fillos (59%), a cantidade de enquisados que teñen fillos é máis baixa debido a que máis de un 56% dos enquisados teñen menos de 31 anos e a esa idade non é normal ter fillos. De todos os enquisados con fillos, a metade teñen menos de 6 anos (6), un 25% por cento teñen máis de 12, o que significa que só tres dos enquisados están no noso público obxectivo.
- A meirande parte dos enquisados celebran o aniversario dos seus fillos na casa (58%), pero un terzo dos enquisados celebralo nun local preparado para os aniversarios.
- Na pregunta “Di se está de acordo ou desacordo con esta frase: “Non celebro aniversarios nun local preparado para iso porque é moi caro”.” un terzo está de acordo e outro terzo en desacordo (4) pero hai máis que pensan que están moi en desacordo (2) que moi de acordo (1), polo que se pode decir que a poboación enquisada pensa que os aniversarios en locais son caros
- A opinión xeral dos aniversarios é que son custosos, cómodos e tranquilos, o resultado indícanos que, de todos os adxectivos expostos, dous terzos son positivos.
- Máis da metade dos pais enquisados (58%) creen que os seus fillos queren xogar con moitos nenos, o que significa que necesitaremos máis recursos ao realizar aniversarios, xa que o máis probable é que teñamos o aforo cheo
- A alimentación preferida polos pais para os seus fillos é unha mezcla entre doces e comida saudable, o que significa que aínda que serviremos doces, tamén teremos que servir algo de comida saudable; ademais a tarta que máis lle gusta aos nenos é a de chocolate, con máis dun terzo dos votos, o que nos indica que tendo a tarta de chocolate nos aniversarios podemos asegurarnos que lle vai a gustar a maior parte dos nenos
- As actividades que máis lle gustan aos nenos son: inchables, fútbol e pintar caras; outras actividades que tamén lle gustan aos nenos son o baloncesto, o escondite ou a globoflexia.

Decisións:

- Realizaremos estas actividades debido a que case a metade dos enquisados teñen fillos e a que o número de posibles clientes crecerá nos próximos anos
- Existe poboación que realiza aniversarios en locais, o que significa que existe un mercado ao que nos podemos acceder cun ben demandado, cousa que faremos
- Dado que a poboación enquisada pensa que os aniversarios en locais preparados son caros, os nosos prezos serán baratos en comparación dos da competencia, para atraer a máis poboación aos nosos servizos
- Os aniversarios que teremos que realizar serán aniversarios cómodos e tranquilos para os pais e nais que asistan, aínda que teremos que romper ca barreira do prezo
- Poñer un aforo limitado a 15 nenos no aniversario e un plus económica por cada neno que asista a festa a maiores dos 15 anteriores, desta forma garantimos un beneficio extra sen descoidar que os nenos leven aos seus amigos a festa.

- A tarta de aniversario será de chocolate, cunha alimentación baseada nun equilibrio entre doces e comida saudable
- As actividades que realizaremos en todos os aniversarios serán: inchables, fútbol e pintar caras; mentres que outras que irán variando serán: baloncesto, o escondite ou a globoflexia.

Andainas

Conclusión:

- público decidirá cantas andainas se realizarán mediante votos.
- A maioría da xente que demanda estas actividades son adultos entre 20 e 40 anos.
- Os xóvenes prefiren a empanada de carne non só porque é máis barata, senón porque non é común levar este tipo de empanada a unha andaina.
- Os xóvenes afectados buscan unha relación calidad- prezo que se axuste as súas necesidades e preferencias.

Decisións:

- As 10 andainas anuais previstas serán as que se levarán a cabo, co fin de poñer en contacto as persoas co mundo rural e facilitar a realización de máis actividades e incrementalas á vez.
- Realización destas actividades dirixidas a este intervalo de idades, para obter un maior rendemento, así como poder aumentalas e conseguir un marxen de beneficios maior.
- Ademáis de que a empanada de carne é máis demandada ca de atún por razóns económicas e de preferencia, procuraremos ofrecer así como ampliar as variedades de comida nun futuro próximo.
- Para que se cumplan as satisfaccións dos clientes e repitan para conseguir a fidelización destes, empregaremos este medio de transporte para o desprazamento.

Externalizacións

Conclusións:

- Os nosos clientes potenciais están interesados maioritariamente en todas actividades.
- Os nosos clientes potenciais están dispostos a desprazarse incluso fóra de Galicia para realizar as actividades expostas.
- En vista ao cuestionario o paintball é a actividade máis demandada.

Decisións:

- Xa que as actividades expostas tiveron moito éxito e non nos supón ningún custo, imos ofertalas todas.
- Ofertaremos as externalizacións tanto fóra coma dentro de Galicia.
- O paintball é a actividade que máis imos a ofertar e potenciar para sacarlle o máximo proveito.

Concienciación

Conclusións:

- Segundo os enquisados a concienciación dos nenos co medio natural é boa.
- A maioría dos nosos enquisados están de acordo con que a concienciación dos nenos sobre o medio ambiente axuda a aprendizaxe destes na escola con materias como Ciencias da Natureza ou Bioloxía.
- Os resultados na enquisa mostraron que non se realizaron actividades deste tipo na zona.

Decisións:

- Manteremos esta actividade para conservar o nivel cultural dos cativos e, ademais conseguimos un alto beneficio por actividade.
- Realizar estas actividades en centros escolares xa que aportan beneficios aos estudantes.
- Organizar máis actividades deste tipo xa que son interesantes para a cultura e aproveitar que non se oferta este servizo na zona.

BIBLIOGRAFÍA:

Investigación comercial. **Moreno-Manzanaro Martínez, Feli Moreno; Gutiérrez Ferrándiz, Alfonso; Coronado González, Pedro J.** McGraw-Hill, Madrid. 2005